

# DECEMBRO 2011



**Sami, 10 anos,  
Freetown, Serra Leoa.**

Hai paxaros de fogo  
alén da fronteira?  
E vacas dun só ollo  
que miran  
polo buraco das fechaduras?  
Como son alí as noites  
sen lúa? E os invernos?  
A quen ladran os cans  
alén da fronteira?  
Perseguen as libélulas  
as sombras das nenas?  
Que cor ten o monte  
os días de choiva?  
Hai alí chafarices de leite  
que zurrichan pola boca  
dos formigueiros?  
Dime, alén da fronteira,  
Tamén hai nenos e nenas  
que xogan de veras  
á guerra?

*Do Libro Aroz, Auga e Millo*

01 xoves	1563 O Concilio de Trento decreta que as mulleres "teñen alma".	16 venres	1952 Sofia Casanova convértese en Académica de Honra da Real Academia Galega.
02 venres	1952 Nace Ganh Xiec Kong, Premio ao mellor filme de Vietnam en 1990.	17 sábado	1706 Nace Madame du Châtelet. Traduciu os "Principia" de Newton ao francés.
03 sábado	2003 Premio "Toda unha Vida" á cineasta Josefina Molina.	18 domingo	1979 "Convención sobre eliminación da discriminación contra a muller" das Nacións Unidas.
04 domingo	2003 Morre Dulce Chacón, novelista defensora dos dereitos da muller.	19 luns	1915 Nace Edith Piaf, cantante francesa alcumada "O pardal de París".
05 luns	1991 Nadine Gordimer recibe o Nobel de literatura. Denuncia o rexime racista de Sudáfrica.	20 martes	1959 As Nacións Unidas suscriben a "Convención sobre os Dereitos Políticos da Muller".
06 martes	1856 Nace Louise Catherine Breslam, pintora suíza.	21 mércores	1959 Nace Florence Griffith J. Atleta. 4 medallas olímpicas nos Xogos de Seúl.
07 mércores	1932 Xosefa I. Vilarelle publica "Método de Lectura", 1º manual para ensinar a ler e escribir en galego.	22 xoves	1962 Nace Gema Ramos, escritora, fotógrafa e realizadora de curtametraxes.
08 xoves	1864 Nace a escultora francesa Camille Claudel.	23 venres	Pepa "a Loba" nace na Estrada no S.XIX. Víctima da "xustiza" da época, convértese en bandoleira.
09 venres	1948 Nace Gioconda Belli, escritora nicaraguana. Escribe "A muller habitada".	24 sábado	1796 Nace Cecilia Böhl de Faber. Adoptou pseudónimo masculino para publicar a súa obra.
10 sábado	1815 Nace Ada Byron, 1ª muller programadora. Creadora do primeiro programa de computación.	25 domingo	1873 Nace Rosario Vera Peñaloza, educadora e pedagoga argentina.
11 domingo	1920 Nace en Córdoba Manuela Díaz Cabezas, guerrilleira durante a guerra e a posguerra.	26 luns	1780 Nace en Escocia Mary Fairfax Somerville, astrónoma e científica.
12 luns	1992 O Tribunal Constitucional falla contra HUNOSA por discriminación sexual.	27 martes	1901 Nace Marlene Dietrich, actriz de cinema alemá.
13 martes	1935 Nace Lidia Falcón, escritora e fundadora do Partido Feminista.	28 mércores	1874 Nace Mª Lejarraga, feminista e escritora. A súa obra asinoua o seu home.
14 mércores	1898 Nace Olimpia Valencia, 1ª galega médica. Fundadora da Academia Médico-Cirúrxica.	29 xoves	2005 Publícase no BOE a "Lei Orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero".
15 xoves	1673 Pasamento de Margaret Cavendish, filósofa e física.	30 venres	1948 Nace Adrian Donna Gaines, máis coñecida como Donna Summer.
		31 sábado	As mulleres invisibilizadas, que contribuíron á dignidade da vida humana.